

REGULAMENTO DO PARLAMENTO DE GALICIA

TÍTULO II

Do estatuto dos deputados

Artigo 7

1. O deputado proclamado electo adquirirá a condición plena de deputado polo cumprimento conxunto dos seguintes requisitos:

1º. Presentar na Oficialía Maior a credencial expedida polo correspondente órgano da Administración electoral.

2º. Cubrir a súa declaración para efectos do exame de incompatibilidades, reflectindo os datos relativos á profesión e cargos públicos que desempeñe.

3º. Prestar na primeira sesión do Pleno á que asista a promesa ou o xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia.

2. Os dereitos e as prerrogativas serán efectivos desde o momento mesmo no que o deputado sexa proclamado electo. Con todo, celebradas tres sesións plenarias sen que o deputado adquira a condición plena de tal, non terá dereitos regulamentarios ata que esta adquisición se produza.

Artigo 15

1. Os deputados estarán obrigados a efectuar declaración notarial dos seus bens patrimoniais e daquelas actividades que lles proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos.

2. A declaración deberá formularse inicialmente como requisito para a adquisición da condición plena de deputado e así mesmo no prazo dos trinta días naturais seguintes á perda da dita condición. Para tales efectos a Cámara establecerá un modelo de declaración ao que necesariamente se axustará aquela.

3. As declaracións sobre actividades e bens inscribíranse no Rexistro de intereses constituído na Cámara baixo a dependencia directa do presidente, e ao seu contido poderá accederse logo de autorización deste, oída a Mesa da Cámara, e logo de solicitude debidamente xustificada, con excepción do referido aos bens patrimoniais, que en ningún caso estarán máis ca á disposición da Comisión do Estatuto dos Deputados.

Tamén se inscribirán neste rexistro as resolucións do Pleno en materia de incompatibilidades e cantos outros datos sobre actividades dos deputados sexan remitidos pola Comisión do Estatuto dos Deputados e non consten previamente nel.

Artigo 16

1. Os deputados deberán observar en todo momento as normas sobre incompatibilidades establecidas na Constitución, no Estatuto e nas leis.

2. A Comisión do Estatuto dos Deputados elevaralle ao Pleno as súas propostas sobre a situación de incompatibilidade de cada deputado no prazo dos vinte días seguintes, contados a partir da plena asunción por el da condición de deputado ou da comunicación, que obrigatoriamente deberá realizar, de calquera alteración na declaración formulada para efectos de incompatibilidades. Para estes fins, remitiráselle desde o Rexistro de intereses á Comisión do Estatuto dos Deputados a copia das declaracións de actividades e as súas modificacións.

3. Declarada e notificada a incompatibilidade, o deputado incurso nela terá oito días para optar entre o escano e o cargo incompatible. Se non exercitar a opción no prazo sinalado, entenderase que renuncia ao seu escano.

4. Todo membro do Parlamento que se ocupe directamente, no marco da súa profesión ou no dunha actividade remunerada, dunha cuestión que é obxecto de debate no Pleno dunha Comisión manifestarao con anterioridade.

LEI 8/1985, DO 13 DE AGOSTO, DE ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA

(modificada pola Lei 15/1992, do 30 de decembro, e pola Lei 12/2004, do 7 de decembro)

CAPÍTULO III

Elixibilidade

Artigo 4

1. Serán elixibles os cidadáns que, tendo a condición de electores, non estean incursos nalgunha das causas de inelixibilidade recollidas na lexislación electoral xeral.
2. Son inelixibles tamén:
 - a) O conselleiro maior e os conselleiros do Consello de Contas de Galicia.
 - b) O valedor do pobo e os seus vicevaledores.
 - c) Os alcaldes, presidentes de deputación e deputados provinciais.
 - d) Os secretarios xerais técnicos e os directores xerais das consellarías, os directores dos gabinetes da Presidencia e das consellarías, así como os altos cargos de libre designación da Xunta de Galicia nomeados por decreto da Xunta.
 - e) Os presidentes e directores xerais ou asimilados dos organismos autónomos dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia, agás que a dita presidencia a exerza un membro do Consello do Goberno.
 - f) Os delegados xerais da Xunta, os delegados provinciais ou territoriais das consellarías e os secretarios das súas delegacións.
 - g) O director xeral da Compañía de Radio-Televisión de Galicia, os directores das súas sociedades e os seus delegados territoriais.
 - h) O delegado territorial da Televisión Española en Galicia, así como os directores dos centros de radio e televisión que dependan de entes públicos.
 - i) Os membros da Policía Autónoma en activo.
 - j) O presidente, vicepresidente, ministros e secretarios de Estado do Goberno central.
 - k) Os parlamentarios das asembleas doutras comunidades autónomas.
 - l) Os membros dos consellos de goberno das demais comunidades autónomas, así como os cargos de libre designación dos citados consellos.
 - m) Os que exerzan funcións ou cargos conferidos e remunerados por un Estado estranxeiro.

Artigo 4 modificado pola Lei 15/1992, do 30 de decembro

Artigo 5

1. A cualificación das inelixibilidades establecidas no artigo anterior verificarase de conformidade co réxime xeral electoral.
2. Quen formando parte dunha candidatura accedese a un cargo ou función declarada inelixible, deberalle comunicar esta situación á correspondente Xunta Electoral, quedando excluído da candidatura.

CAPÍTULO IV

Incompatibilidades

Artigo 6

1. As causas de inelixibilidade sono tamén de incompatibilidade.

2. A condición de deputado do Parlamento de Galicia é incompatible coa de parlamentario europeo, deputado do Congreso e senador, salvo os senadores elixidos en representación da Comunidade Autónoma.

Alínea modificada pola Lei 15/1992, do 30 de decembro

3. Así mesmo son incompatibles:

a) Os membros do Consello de Administración da Compañía de Radio-Televisión de Galicia.

b) Os presidentes de consellos de administración, conselleiros, administradores, directores xerais, xerentes e cargos equivalentes de entes públicos e empresas de participación pública maioritaria, calquera que sexa a súa forma, incluídas as caixas de aforro de fundación pública.

Os cargos aos que se refire o parágrafo anterior non constituirán causa de incompatibilidade cando se posúan por representación sindical ou pola súa condición de membro do Goberno autónomo ou de corporación local.

Parágrafo engadido pola Lei 15/1992, do 30 de decembro

4. O mandato dos deputados do Parlamento de Galicia é compatible co desempeño de actividades privadas, salvo nos supostos seguintes:

a) As actividades de xestión ou dirección ante a Administración pública galega, os seus entes ou organismos autónomos en asuntos que teñan que resolver estes, que afecten directamente a realización dalgún servizo público ou que estean encamiñados á obtención de subvencións ou avais públicos. Exceptúanse as actividades particulares que, en exercicio dun dereito recoñecido, realicen os directamente interesados, así como as subvencións ou os avais dos que a súa concesión derive da aplicación regrada do disposto nunha norma de carácter xeral.

b) A actividade de contratista ou fiador de obras, servizos ou subministracións públicos que se paguen con fondos da Comunidade Autónoma ou o desempeño de cargos que leven anexas funcións de dirección ou representación en compañías ou empresas que se dediquen ás devanditas actividades.

c) A celebración con posterioridade á data da súa elección como deputado de concertos de prestación de servizos de asesoramento ou de calquera outra índole, con titularidade individual ou compartida, en favor da Administración pública galega.

d) A participación superior ao dez por cento, adquirida en todo ou en parte, con posterioridade á data da súa elección como deputado, agás que fose por herdanza, en empresas ou sociedades que teñan concertos de obras, servizos ou subministracións con entidades do sector público.

Alínea 4 engadida pola Lei 15/1992, do 30 de decembro

5. Os deputados que desempeñen, por si ou mediante substitución, calquera outro posto, profesión ou actividade, públicos ou privados, por conta propia ou allea, retribuídos mediante soldo, salario, arancel, honorarios ou calquera outra forma, só percibirán, con cargo aos presupostos do Parlamento de Galicia, as indemnizacións e axudas de custo que sexan correspondentes para o cumprimento da súa función.

Alínea 5 engadida pola Lei 15/1992, do 30 de decembro

6. Garantiráselles a reserva de posto ou praza de destino, nas condicións que determinen as normas específicas de aplicación, aos deputados que, como consecuencia da súa dedicación parlamentaria, estean na situación de excedencia voluntaria ou servizos especiais.

Alínea 6 engadida pola Lei 15/1992, do 30 de decembro

7. Os deputados deberán formular declaración de todas as actividades que poidan constituír causa de incompatibilidade conforme o establecido na lexislación vixente e de calquera outra actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos, así como dos seus bens patrimoniais, tanto ao adquiriren coma ao perderen a súa condición de parlamentarios, así como cando modifiquen as súas circunstancias.

As declaracións sobre actividades e bens formularanse por separado conforme o modelo que aprobe a Mesa do Parlamento e inscribíranse nun Rexistro de intereses, que estará baixo a dependencia directa do presidente da Cámara.

O contido do Rexistro de intereses terá carácter público, a excepción do que se refire a bens patrimoniais.

Alínea 7 engadida pola Lei 15/1992, do 30 de decembro

Artigo 7

1. Ningún electo poderá adquirir a condición de deputado se está incurso nalgunha causa de incompatibilidade.

2. O deputado galego que aceptase un cargo, función ou situación constitutiva de incompatibilidade, cesará na situación de deputado.



ÓRGANO COMPETENTE PARA O CONTROL DO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA DE INCOMPATIBILIDADES

O órgano competente para o control do cumprimento da normativa en materia de incompatibilidades é a Comisión Permanente do Estatuto dos Deputados.